

Lápiz de carpinteiro é a canle que Manuel Sangiao puxo en marcha durante o confinamento // O seu taller está en Boqueixón: alí grava os vídeos, edita e elabora os produtos que moi pronto venderá a través dunha páxina web **TEXTO Alba Prada**

Como é o día a día dun youtuber?

Youtuber, a profesión de moda por excelencia, ou polo menos, unha das que máis interese suscita, especialmente entre os máis novos. Anos atrás cando lle preguntabas a un neno ou nena que querían ser de maiores era común que dixesen “mestres, médicos, modelos ou actores” pero agora non. Ser youtuber ou influencer é o obxectivo das futuras xeracións. Pero é tan fascinante este mundo como semella? É unha mina de ouro? É un traballo fácil e cómodo como moitos pensan? As respostas dánolas hoxe Manuel Sangiao, un mozo de 45 anos asentado en Boqueixón, que a raíz da pandemia decidiu meterse de cheo no mundo de Youtube.

Lápiz de carpinteiro, quédense con ese nome, porque a pesar de que só leva dende novembro creando vídeos, esta canle sobre carpintaría, xa ten máis de 800 suscriptores. Unha boa cifra, pero que nesta profesión non é para nada suficiente se queres conseguir anunciantes: “Van subindo exponencialmente, pero habería que pasar dos 10.000 para que as empresas se fixen en ti”, sinala Manuel. A súa canle nacía concretamente en Londres, onde traballou no sector da xestión de Spas e centros de saúde de hoteis de cinco estrelas. “Estudei INEF e adiqueime tamén á educación, polo que neste novo proxecto vin a oportunidade de mesturar as dúas cousas: a formación e a xestión”. Foi en Londres onde coñeceu a súa muller, de orixe chinesa, pero os problemas de saúde da súa nai decidírono a deixar a capital británica e volver a Boqueixón, onde os seus pais mercaron unha casa hai xa quince anos.

“Decidín emprender cunha canle de Youtube porque é un traballo que



Manuel Sangiao no seu lugar de traballo, en Boqueixón. Foto: M.S.

podía facer dende calquera parte do mundo, e ademais a miña muller imparte clases online de inglés a chinos, polo que tampouco tiña problema”, relata. O primeiro que fixo foi producir catro vídeos estando en Londres, durante a cuarentena, nos que explicaba como funciona un software de deseño de mobles. “Tivo bastante aceptación, así que ao volver a Boqueixón merquei algunhas máquinas e empecei a facer máis vídeos”.

En Galicia arrancaba a realidade do día a día como youtuber. Un traballo que require unha inversión moi forte e para o que se precisan coñecementos de gravación e edición de vídeos. “Non tiña ningunha experiencia no mundo do audiovi-

sual e ademais porse diante dunha cámara sempre resulta ao principio un pouco intimidante”, revela.

“A maioría da xente pensa que é un oficio moi cómodo porque cada peza dura uns 10 ou 20 minutos”, conta, “e como no meu caso publico sobre dous por semana semella que iso é o que traballo: 40 minutos cada sete días. Pero nada máis lonxe da realidade”. Cada proxecto novo implica moitas horas: “Teño que controlar a luz, o foco, e a cámara, de feito, uso dúas para xogar coa realización”, explica Manuel. “Ao final xunto 20 ou 40 clips que logo teño que editar, algo que me implica moito tempo”.

Forá da gravación e edición de cada peza audiovisual, tamén se vai

boa parte do día en contestar e-mails, mirar estadísticas e observar as reaccións dos seguidores para ver o que funciona ou o que non.

“O certo é que se inviste moitísimo tempo ‘invisible’ porque pásome o día cavilando futuros proxectos. Non paro nin de noite, porque adico varias horas a observar a outros youtubers para aprender, ou mercando materiais”. En total ao día “traballo sobre oito ou nove horas”.

Tal e como nos explica é un oficio que require tempo e esforzo. Pero é fácil triunfar? Manuel ten claro que “ao moi longo prazo podes vivir disto pero é unha inversión moi grande”. Mentres tanto, xa está argallando un novo negocio moi ligado á profesión de youtuber. “Estou en pleno proceso de elaboración dunha web na que vou vender os produtos que fago”, conta. A previsión é que poida estar lista para mediados deste mes de maio. “Vou ter algunhas cousas feitas como táboas de cocíña para cortar vexetais ou carne, lapiseiros ou mesas de escritorio. Pero fóra desto farei pezas por encargo”, conta. “Aínda que vou ter material en stock, a miña idea principal é que os clientes teñan produtos únicos”.

Manuel é unha desas persoas que non teñen medo a emprender. “Ao final o mellor é arrepentirse do que fas e non do que queda no tinteiro. Non quero nun futuro pensar que ao mellor houbese funcionado”, reflexiona. “Todo o peso recae sobre min, pero teño o apoio da miña nai e da muller. É algo que valoro moito”. Con esta visión optimista, seguirá creando vídeos de carpintaría no galpón da casa, xunto as galiñas. Porque é unha profesión moderna, pero a naturalidade non pode faltar.

Vedra celebra as nosas Letras con certames literarios e moita música

Vedra. O Concello de Vedra anticipa ao Día das Letras Galegas, que este ano levan nome de muller con Xela Arias como protagonista, creando un programa no que a música, e por suposto, a escritura en lingua galega son o punto de partida. Por unha banda, dende o goberno local sacan á luz a iniciativa E ti que contas? coa que animan a escribir relatos no noso idioma, cun máximo de 200 palabras. O formato é libre (en forma de carta, redacción, conversa...) e debe enviarse antes do día 10 a cultura@concellodevedra.com.

Todos os relatos serán publicados nos medios de difusión municipais e entre os recibidos sortearanse vales para gastar no comercio local. O Día das Letras, o 17 de maio, publicaráse o gañador ou gañadora.

Pola súa parte, a Asociación Cultural San Campio propón unha nova edición do seu concurso Serán das Letras. Neste caso poderase concursar na modalidade de debuxo, poesía ou relato curto, e hai establecidas cinco categorías por idades. O prazo para entregar os traballos remata o día 21 deste mes. Os tres gañadores e gañadoras de cada categoría levarán un lote de libros e un vale. O fallo do xurado farase público o venres 28 de maio a través das redes sociais da asociación e do Concello. Ao día seguinte será a entrega de galardóns na casa da cultura de San Miguel de Sarandón.

A música tamén tomará parte na programación deste ano. O domingo 16, a banda de música de Santa Cruz de Ribadulla actuará na Carballreira de Souto de San Xíán de Sales. A cita será ás 12.30 horas e por suposto cumpriranse con todas as medidas de seguridade.

Será un concerto con música en galego para homenaxear á nosa lingua e a Xela Arias, editora, tradutora e poetisa á que este ano se lle adica o Día das Letras. **A.P.**



CONCELLO DE TOURO ANUNCIO

Polo Concello de Touro precísase realizar a contratación de dous condutores para o tractor forestal, para a realización de traballos de prevención de incendios forestais, mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

Requisitos:

- Estar en posesión do permiso que habilite para a condución do tractor forestal ou agrícola.
- Os demais requisitos establecidos na lexislación para o acceso ao emprego público.

Características do contrato:

- Tipo: contrato de duración determinada (obra ou servizo).
- Duración: 6 meses.
- Xornada: 8 horas.

Solicitudes: presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte á publicación do presente anuncio, na páxina web do Concello.

Coa solicitude presentarase a acreditación dos méritos que aleguen os aspirantes para a súa contratación.

Touro, 30 de abril de 2021.

O alcalde substituto,
Alfredo Souto Castelo.

Sergude terá en 2022 unha nova depuradora que vai dar servizo a tres mil habitantes

Boqueixón. Os traballos para a construción da nova Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Sergude xa están en marcha. A empresa adxudicataria do proxecto, Vázquez y Reino, SL, iniciou os traballos de movemento de terras para a habilitación da futura infraestrutura. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, visitou esta semana a zona para coñecer in situ a evolución dos labores.

O rexedor celebra a posta en marcha dos traballos: “con esta nova EDAR poderemos dar servizo a uns 3.000 habitantes, o que suporá triplicar a actual capacidade da depu-

radora de Sergude”. As obras teñen un prazo de execución de 12 meses e o Concello aporta 360.000 € dos case 1,7 millóns de euros de investimento total previsto para esta infraestrutura.

O proxecto é posible grazas a un convenio de colaboración entre o organismo autonómico Augas de Galicia e o goberno boqueixanés. A administración local tamén cedeu os terreos necesarios para a habilitación da infraestrutura, xusto ao carón da actual EDAR. Ademais, a actuación conta tamén coa cofinanciación do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEA-

DER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020.

A futura depuradora mellorará as infraestruturas de saneamento dos núcleos de Sergude e Lestedo, unificando, deste xeito, o tratamento das súas augas. Tamén dará servizo ao polígono industrial de Sergude. A nova infraestrutura contará cunha primeira estrutura de pretratamento da auga, separando en tres contedores diferentes os residuos sólidos, as graxas e as areas. Tras este proceso sitúase o tratamento biolóxico, cunha capacidade media de 44 metros cúbicos de auga á hora, aínda que tamén pode chegar a un pico de ata 81. En caso de chuvias torrenciais que superen este caudal, o exceso enviarase a un depósito de retención. O tratamento biolóxico estará conformado por un sistema de lodos activados por aireación prolongada en baixa carga. **C.E.**